

CICLO DE CONFERENCIAS

OPORTUNIDADES E DESAFÍOS DA NORMATIVA PARA O SECTOR TIC GALEGO

Desde a Unión Europea están a redefinir as regras do xogo en materia dixital para acadar os retos de transformación dixital planeados para o 2030. **Estase deseñando un amplo paquete de normativas que están redefinindo o mercado único dixital.**

O Clúster TIC Galicia e Datalife organizan este ciclo de webinars, para facer unha análise clara, práctica e especializada de como lles afecta as empresas galegas esta nova "folia de ruta" europea.



IA NA PRÁCTICA. ASPECTOS A TER EN CONTA Á HORA DE INCLUIR A IA NOS PRODUTOS E NOS PROCESOS INTERNOS



Xoves, 12 de febreiro ás 11:30h.



Relator: José Manuel Sendín, Avogado Sistemius



Modera: Andrés Sastre, Secretaría Clúster TIC Galicia

11:30 h.



Antonio Rodríguez del Corral, Presidente do Clúster TIC Galicia
Lucía Castro Díaz, Xerente de DATAlife

11:40 h. Realizaremos unha análise práctica e aplicada sobre os factores clave que deben considerar as empresas ao incorporar solucións de IA. Trataremos:

- **Calidade e Gobernanza dos Datos:** A base de calquera IA fiable. Estratexias para asegurar a calidade, orixe, seguridade e gobernanza dos datos de entrenamento e operación
- **O Marco Regulatorio:** O Regulamento de IA e outras normas: Análise práctica das obrigas para provedores e usuarios, enfoque baseado en risco, prácticas prohibidas e o seu impacto no deseño e comercialización de produtos e servizos
- **Propiedade do Modelo e Propiedade Intelectual:** Quen é dono do modelo? Aspectos legais e prácticos sobre a titularidade, reutilización e comercialización dos modelos de IA desenvolvidos ou implementados
- **Xestión de Riscos Operacionais e Éticos:** Identificación e mitigación de riscos como os sesgos algorítmicos, a falta de transparencia ("caixa negra"), a seguridade cibernética e o impacto nos postos de traballo. Como construír unha IA ética e robusta
- **Estratexia de Integración Segura:** Visión global para integrar a IA nos procesos internos e nos produtos finais con garantías, transformando o cumprimento normativo nunha vantaxe competitiva e en oportunidades de negocio

12:30 h. Peche

